

O PERIPLO DE TERESITA: SEXILIO GALEGO NA ARXENTINA DE PRINCIPIOS DO SÉCULO XX

DANIELA FERRÁNDEZ PÉREZ
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: O presente artigo reflexiona sobre a posibilidade de que Arxentina constituíse un destino preferente para o sexilio galego das primeiras décadas do século xx. Entendendo o sexilio como a migración forzada da disidencia sexual, repasaremos algúns exemplos centrándonos no de Teresita, unha coruñesa nada a finais do xix e que gañou fama internacional por transgredir os marcos sexuais normativos. A súa historia amosa evidencias da comunidade que esperaba a moitas sexiliadas galegas no Bos Aires desta época, á vez que dos intentos das autoridades e dos saberes expertos para hixienizar o corpo nacional. Deste xeito, permítenos situar un contexto no que se vencellan espazos, desprazamentos e incluso modas artísticas como o cuplé. En resumo, sostemos que a historia de Teresita, as súas idas e voltas e a análise do seu círculo relacional achegan pistas para analizar os posibles itinerarios partillados dunha parte da poboación galega cuxas vidas foron esquecidas e silenciadas polas narrativas oficiais.

PALABRAS CHAVE: disidencia sexual; sexilio; historia queer; historia trans; Galicia.

EL PERIPLE DE TERESITA: SEXILI GALLEC A L'ARGENTINA DE PRINCIPIOS DEL SIGLO XX

RESUM: Aquest article reflexiona sobre la possibilitat que l'Argentina constituís una destinació preferent per al sexili gallec de les primeres dècades del segle xx. Entenent el sexili com la migració forçada de la dissidència sexual, repassarem alguns exemples centrant-nos en el de Teresita, una corunyesa nascuda a finals del xix i que va guanyar fama internacional per transgredir els marcs sexuals normatius. La seva història mostra evidències de la comunitat que esperava a moltes sexiliades gallegues a Buenos Aires d'aquesta època, així com dels intents de les autoritats per higienitzar la nació. D'aquesta manera ens permet situar un context en què s'entrellacen espais, desplaçaments i fins i tot modes artístiques com el cuplet. En resum, sostenim que la història de Teresita, les seves anades i vingudes i l'anàlisi del seu cercle de relacions aporten pistes per analitzar els possibles itineraris compartits d'una part de la població gallega les vides de la qual han estat oblidades i silenciades per les narratives oficials.

PARAULES CLAU: dissidència sexual; sexili; història queer; història trans; Galícia.

THE JOURNEY OF TERESITA: GALICIAN SEXILE IN EARLY 20TH CENTURY ARGENTINA

ABSTRACT: This article reflects on the possibility of Argentina being a preferred destination for the Galician sexile in the early 20th century. Understanding sexile as the forced migration of sexual dissidence, we will review some examples focusing on Teresita, a sexual dissident from A Coruña who gained international fame for transgressing normative sexual boundaries. Her story gives an account of the community that awaited many sexiled Galicians.

cians in Buenos Aires at that time, as well as the attempts of the authorities to sanitize the nation. In this way, it allows us to situate a context in which spaces, displacements, and even artistic trends such as the *cuplé* are linked. In summary, we maintain that Teresita's story, her comings and goings, and the analysis of her relational circle, represent elements for analysing the possible shared itineraries of a part of the Galician population whose lives have been forgotten and silenced by official narratives.

KEYWORDS: sexual dissidence; exile; queer history; trans history; Galicia.

INTRODUCCIÓN: O SEXILIO GALEGO CARA A ARXENTINA A PRINCIPIOS DO SÉCULO XX, UN FENÓMENO ESQUECIDO

A historia da disidencia sexual¹ en Galicia é un campo en expansión que cada día nos traslada máis detalles sobre aquelas que viviron fóra das normas sexo-xenéricas imperantes no pasado. As disidentes sexuais existiron e poboaron un tempo e un espazo, movéronse, arriscáronse e en non poucas ocasións foron perseguidas e reprimidas. As súas pegadas e rastros, non só son válidas e interesantes polo seu innegable valor para a Memoria Democrática do conxunto, senón porque nos axudan a (re)ler outras cuestións xa investigadas e a entender como se imprimiron os «grandes procesos» históricos nos corpos e nas vidas daquelas que os viviron.

Nese senso, a historiografía galega contounos moito sobre a diáspora galega no período contemporáneo, mais aínda non se pronunciou sobre o fenómeno do sexilio como concepto clave para entender as migracións de persoas disidentes coa norma sexo-xenérica. Aínda que o termo *sexilio* foi acuñado por Manuel Guzmán para referirse ás persoas homosexuais que, por causa da homofobia, migraban desde Puerto Rico cara a Estados Unidos durante os anos oitenta (Guzmán 1997), emprégase nun amplo espectro para referirse ás migracións das persoas disidentes da norma sexo-xenérica motivadas polas políticas destinadas a condenalas ou expulsalas das fronteiras estatais (La Fontain-Strokes 2005: 279).

Como podemos comprobar a través dos xornais, na Galicia de finais do dezanove e principios do xx non era estraño que as persoas que transgredían

¹ Entendemos por disidentes sexuais a aquelas persoas cuxas vidas, prácticas ou desexos se afastan ou contradín as normas con respecto ao xénero e a sexualidade impostas polos dispositivos de poder, control e produción dos corpos sexuais (Rubino 2019: 65).

aberta e publicamente os códigos normativos con respecto ao xénero e a sexualidade foran sancionadas tanto penal como socialmente (Ferrández 2022). Se cadra, a coñecida historia de Elisa e Marcela é un dos mellores exemplos desta afirmación. Como nos conta Narciso de Gabriel, a parella de *female husbands*,² ao ser descuberta, foi acosada polos xornais, pola veciñanza e, posteriormente, polas xustiza ordinaria (De Gabriel 2008).

Non se trata aquí de confirmar os tópicos máis repetidos sobre Galicia e o rural galego como un lugar conservador e atrasado onde as persoas disidentes sexuais non puideron atopar espazos de liberdade, pois hai exemplos de abondo que amosan a existencia destes enclaves en cidades e tamén no rural.³ Trátase de admitir que houbo disidentes sexuais que non encontraron amparo no país ante as persecucións, o escarnio e as condenas, e decidiron poñer terra de por medio para mellorar a súa situación. Neste artigo argumentase que, nestes casos, a elección de Arxentina como destino non era casual, xa que representaba un dos principais lugares de chegada do sexilio galego de finais do XIX e principios do XX. De novo, resulta paradigmático o caso de Elisa e Marcela, pois tralo descubrimento do «matrimonio sin hombre»⁴ a parella abandonou Dumbría cara a Porto e posteriormente Arxentina. A prensa galega da época deixa pequenas pinceladas dalgunhas historias que reforzan esta hipótese, como é o caso de José Ceiba Carballedo, natural de Vilalba (Lugo), quen

² Jen Manion recolle no seu ensaio *Female husbands: a trans story* multitude de casos de historias de mulleres que viviron como homes e casaron con mulleres no Reino Unido e Estados Unidos, empregando a categoría *Female Husband* (Manion 2020).

³ No ámbito urbano existiron enclaves concretos utilizados polos disidentes sexuais como puntos de encontro, reunión e sociabilidade, como poden ser os xardíns de Méndez Núñez da Coruña, os xardíns do porto de Vigo, a praia de Samil na mesma cidade ou o cine Callao e os urinarios públicos do Amboaxe, en Ferrol. No rural coñecemos historias que amosan que o contacto cotiá entre veciñas en comunidades pequenas puido actuar como un factor «normalizador» da disidencia sexual. O caso paradigmático é o de Manolo Santiso, labrego inscrito como muller ao nacer que vestiu de home unha gran parte da súa vida. Nas declaracións do expediente xudicial xerado trala súa detención en 1939 o taberneiro da aldea afirmará que Manolo Santiso non causaba «escándalo», pois a veciñanza estaba acostumada a velo frecuentar os bailes e a taberna con esa indumentaria. Arquivo do Reino de Galicia, Fondo: Audiencia Provincial, Expediente número 69, atado nº 3351.

⁴ «De la Coruña: matrimonio sin hombre», *El Diario de Pontevedra: periódico liberal de la mañana*, 01/07/1901, p. 1.

foi descuberto a bordo do vapor *Orcana* en 1898 rumbo a Arxentina vestido de muller;⁵ ou María López, unha galega que emigrou a Bos Aires para vivir vestida de home e contraer matrimonio «al revés de lo que lo hacen otras mujeres».⁶

Entre todas estas historias destaca pola cantidade de fontes que se conservan a de Teresita, unha disidente sexual coruñesa que acadou certa fama en América do Sur e España durante as dúas primeiras décadas do xx. Sobre Teresita escribiuse moito e en diferentes soportes. Durante o seu percorrido foi protagonista de novas de prensa, de reportaxes e até foi representada nunha obra de teatro. O seu contorno foi retratado por manuais de psiquiatría e criminoloxía, alén doutras publicacións da época. Para algúns cronistas da emigración galega en Arxentina, Teresita era un emigrante ilustre, un «coruñés picado de mariconería, cupletista, mozo de peita e paxaro» (Allegue 1992: 199). Para outros, simplemente era un ladrón con «ciertas inclinaciones homosexuales» (Pérez Prado 1973: 195) A fin de contas, a súa historia representa unha «vida torcida» que nos axuda a comprender un pouco mellor o fenómeno do sexilio galego cara a Arxentina a principios do xx.

POR QUE SEXILIARSE? A INFANCIA E ADOLESCENCIA DE TERESITA

A pesar de que a figura de Teresita foi traballada por múltiples autores, tamén no plano académico (Schenetti e Galeano 2019), até o día de hoxe existía unha barreira metodolóxica que non permitía profundar na súa historia separando a realidade do mito, xa que non se coñecía o nome co que a inscribiron ao nacer. Se ben sempre se pensou que este era o de Luís Fernández, grazas ao cruzamento de fontes bibliográficas e xornalísticas puidemos comprobar que se trataba de Ignacio Rojo Fernández. Nese senso, Luís Fernández non era máis que un dos tantos pseudónimos masculinos que Teresita empregou para agochar o nome e os apelidos de inscrición.⁷

⁵ «Noticias», *El lucense: diario católico de la tarde*, 29/09/1898, p.2.

⁶ «Un hombre-mujer», *El Diario de Pontevedra: periódico liberal*, 30/04/1907, p.2.

⁷ O traballo de Cristina Schenetti e Diego Galeano amosa como durante o seu percorrido por América do sur Teresita empregou diferentes pseudónimos masculinos como Luís Fernández, Armando Arriati ou Pedro Pérez (Schenetti e Galeano 2019: 94). Porén, e como

Deste xeito, as procuras na prensa histórica con este nome mostran que naceu na Coruña no ano 1889, no seo dunha familia de comerciantes acomodada pero desestruturada polo falecemento do pai durante os primeiros anos do xx.⁸ Segundo os relatos xornalísticos e bibliográficos que posteriormente farán mención á súa infancia, Teresita non demorou en amosar unha desconformidade coas normas de xénero que se esperaban dela. Tiña, como se dicía daquela, «torpes inclinaciones»,⁹ un de tantos xeitos de nomear ás que rachaban cos preceptos básicos da norma sexo-xenérica imperante.

Os cribados de xornais da época mostran que sufriu, canto menos, dúas agresións importantes na súa infancia e adolescencia, posiblemente motivadas por esta expresión de xénero disidente. Así, en 1902, con trece anos, un menor descoñecido bateulle na cara cunha barra de ferro na cidade da Coruña¹⁰ e en 1905, con quince, de novo ten que ser atendida nunha casa de socorro, esta vez en Ferrol, por unha ferida na testa causada por unha pedrada.¹¹

Durante os anos 1904 e 1905 residiu en Ferrol na casa do seu tío, aínda que sabemos que acudía regularmente á Coruña a un dos hotéis máis luxosos da cidade, o coñecido como o Hotel de Francia. Os xornais sitúana neste establecemento en marzo de 1904 cando é detida por «fugarse de la casa paterna» en Ferrol.¹² Novamente, en agosto dese mesmo ano infórmase da súa presenza na cidade, esta vez como «distinguido joven ferrolano».¹³ Non parece casual que o seu destino na Coruña fose o referido Hotel de Francia, xa que estaba situado xusto enfronte e posuía unha vista panorámica dos xardíns de

veremos, mantivo durante varios anos o nome feminino de Teresita e o sobrenome de «Princesa de Borbón». Neste senso, foi o cruzamento das novas de prensa que relataron o seu retorno en 1911 o que permitiu dar co nome de Ignacio Rojo Fernández.

⁸ En abril de 1904 dous xornais galegos fanse eco de que en Ferrol un mozo de clase acomodada tentara suicidarse nun hotel. Tratábase de Atanasio Rojo Fernández, irmán de Teresita, quen aclaraba que por mor de que o seu pai morrera poucos anos atrás, el mais o seu irmán pequeno vivían en Ferrol co seu tío, inspector de aduanas da cidade. «Un joven envenenado», *El Correo Gallego diario político de la mañana*, 4/04/1904, p. 2, e «Intento de suicido», *Diario de Pontevedra: periódico liberal*, 07/04/1904, p.2.

⁹ «Aventuras de Teresita», *El Progreso: diario liberal*, 19/03/1911, p.2.

¹⁰ «Crónica local», *El Noroeste*, 28/09/1902, p.2.

¹¹ «Noticias», *El Correo Gallego: diario político de la mañana*, 09/01/1905, p.2.

¹² «Joven ferrolano detenido», *El Correo Gallego: diario político de la mañana*, 09/01/1905, p.1.

¹³ «Crónica local», *El Noroeste*, 14/08/1904, 2.

Méndez Núñez, que funcionaban como espazo de encontro para disidentes sexuais na cidade e serán visitados por Teresita en varias ocasións durante a súa idade adulta. En 1906 o seu nome desaparece dos xornais galegos, pois a pasaxe nun vapor cara a Arxentina abría un novo capítulo na vida desta disidente sexual.

Os xornais posteriores dan conta do sexilio de Teresita e informan de que marchou de Galicia na súa adolescencia porque a súa familia «aconsejó a la policía que le dieran orden de abandonar La Coruña». ¹⁴ Con todo, coñecendo estes detalles da súa infancia e adolescencia, acrecentamos as agresións que sufriu e a falla de liberdade para moverse libre e de xeito anónimo tralo seu traslado a Ferrol ás posibles causas que motivaron a súa partida. Este sería o primeiro de moitos sexilios dunha vida atrapada nun tránsito torcido entre o público e o privado, polos lindes que bordean as fronteiras entre países, mais tamén entre identidade, sexo e xénero.

ARXENTINA COMO DESTINO

A pregunta sobre por que Bos Aires, en particular, e Arxentina en xeral foron destinos preferentes para as disidentes sexuais galegas a principios do século XX ofrece, en primeiro termo, múltiples respostas.

A primeira encontrámola na idea de que podía representar un lugar máis aberto e permisivo que a Galicia que ficaba atrás. É certo que a finais do século XIX e a principios do XX atopamos un período laico na historia nacional arxentina que levou a unha ruptura das relacións diplomáticas coa Santa Sé. ¹⁵ É certo, tamén, que os continxentes masivos de emigrantes europeos que chegaban nesta época facían de Bos Aires unha cidade cosmopolita e diversa que podía propiciar anonimato e espazos de encontro entre iguais para as disidentes sexuais que viñan de fóra, como así aconteceu. Así e todo, as elites da Arxentina do cambio de século eran conscientes do reto que supuña homoxeneizar toda esta diversidade de xentes nos procesos de construción da nación

¹⁴ «¿Quién será?», *La Libertad*, 02/11/1923, p. 2.

¹⁵ Para Osvaldo Bazán habería que procurar os motivos desta ruptura na aprobación de leis como a de Matrimonio Civil, Rexistro Civil ou Educación Común (Bazán 2004: 110).

(Rodríguez 2017). Para isto, era preciso integrar as emigrantes neses procesos, tarefa que requiría cribar e hixienizar toda esa poboación para (re)ordenar os desaxustes morais que causaba no corpo nacional.¹⁶ Como se verá, esta biopolítica concreta marcou un contexto de persecucións e detencións contra as disidentes sexuais que cuestiona en gran medida a hipótese de que Arxentina constituíse un espazo máis seguro que o de partida.

Aínda que asumimos que a procura de anonimato e, sobre todo, comunidade, son os principais beneficios procurados por quen emprende un exilio (Aragó 2020: 21), cómpre ter en conta a actuación doutros factores na selección do destino que veñen marcados polo contexto espazo-temporal do que se parte. Nese senso, atrevémonos a afirmar que a razón principal de que Arxentina fixera parte destes itinerarios é que representaba un dos destinos máis recorrentes da emigración atlántica galega a principios do século xx (Villares e Fernández 1996). A presenza dunha cada vez máis grande masa de galegas emigradas neste país actuaría, á súa vez, como efecto chamada para novos desembarcos de continxente migratorio, que procuraba o amparo de redes previas de amigos, veciños ou familiares das que valerse para desenvolverse nos inicios (Otero 2003: 74). Así, as disidentes sexuais galegas que procuraban unha saída na diáspora planificaban a viaxe con base nas experiencias coñecidas, xa fose por familiares, por amigos, por veciños ou polas promesas de éxito que auguraban as campañas publicitarias das navieiras na prensa.¹⁷ As posibilidades materiais da viaxe tamén premarcaban este itinerario, con buques que saían frecuentemente cara a Arxentina desde Vigo ou A Coruña.

HIXIENISTAS NA CIDADE DAS COFRADÍAS

Fica claro a través dos parágrafos anteriores que as disidentes sexuais galegas que chegaban a Arxentina nesta cronoloxía non atopaban un lugar máis permisivo do que deixaban atrás, pero si un espazo cosmopolita coa capacidade de acoller unha potencial comunidade. O caso de Teresita, de novo, ilustra-nos sobre a existencia desa comunidade en Bos Aires e os beneficios que

¹⁶ Unha análise minuciosa deste proceso no ensaio de Jorge Salessi (1995).

¹⁷ Sobre a propaganda da emigración na prensa galega ver Luca de Tena, 1993.

achegaba para estas vidas excluídas do status de cidadanía. E é que esta sexiliada galega integrouse á súa chegada na esfera das *cofradías*, organizacións de soporte e solidariedade entre disidentes sexuais —moitas delas emigrantes e precarias— na cidade destes contextos. Sobre isto son varias as fontes que nos ilustran.

A primeira é a revista *Archivos de psiquiatría, criminología y ciencias afines* (1902-1913), unha publicación periódica impulsada polos principais hixienistas da República nesta altura. Entre eles, puxéronlle corpo a unha rede que ligaba a Facultade de Medicina de Bos Aires coa Penitenciaría Nacional e a Policía Federal, na que, en palabras de Osvaldo Bazán, «el estudio científico se alió con la represión» (Bazán 2004: 114). Un dos principais nodos desta rede era o médico legal e tenente xeneral do exército Arxentino Francisco de Veyga, quen, entre os anos 1902 e 1904, entrevistou moitas disidentes sexuais detidas, publicando despois as súas taxonomías nos *Archivos*. A pesar de que os seus artigos son anteriores á chegada de Teresita, neles é posible apreciar a existencia dunha subcultura conformada por «invertidos»,¹⁸ que se movían polos baixos fondos do Bos Aires da época. Nos «casos clínicos» que presenta obsérvase, ademais, unha alta presenza de emigrantes procedentes de España, como o son as chamadas Manón, Rosita de la Plata ou La Bella Otero.¹⁹ Nas súas «historias», relatadas cunha retórica vencellada á patoloxía, á criminalidade e á prostitución, é posible albiscar rastros da existencia de vínculos de solidariedade entre elas e da construción de espazos de liberdade como «tertulias» ou «bailes de invertidos».

En 1908 achegámonos de novo á subcultura das confrarías grazas ao ensaio de Eusebio Gómez titulado *La Mala Vida en Buenos Aires*. A idea de «la mala vida» xorde dun xeito transnacional entre as últimas décadas do XIX e as primeiras do XX, dando de si publicacións en lugares como Italia, España ou, neste caso, Bos Aires.²⁰ Estes manuais reflectían as tensións compartidas pola

¹⁸ O termo invertido fai referencia á «inversión sexual». Para máis información sobre o proceso a través do cal os saberes expertos constrúen e empregan esta etiqueta, é de referencia a obra de Vázquez e Cleminson (2011).

¹⁹ Na antoloxía recompilada por Alejandra Mailhe é posible consultar algúns destes artigos (Mailhe 2016).

²⁰ Para Italia *La Mala Vita a Roma* (Niceforo, Alfredo; Scipio, Sighele 1898). En España existe unha publicación relativa á Mala Vida en Madrid (Quirós, Bernardo 1901) e outra para Barcelona (Bembo, Max 1912).

dexeneración moral da sociedade nun contexto de auxe das explicacións patolóxicas e criminais do comportamento desviado en diferentes países de Europa e América (Cleminson e Fuentes 2009). Deste xeito, no caso da obra bonaerense, a «mala vida» aparece de novo vencellada á aglomeración urbana causada pola inmigración masiva (Dovio 2012). Como parte desa «mala vida» Gómez describirá as *cofradías de invertidos* como puntos de encontro de sociabilidade, de solidariedade e de apoio mutuo para disidentes sexuais. Deste xeito, relata como os seus integrantes adquiren nomes de muller e utilizan un código comunicativo propio inspirado no lunfardo,²¹ rastros que nos falan, de novo, da aludida presenza de comunidade.

Será en 1912 cando poidamos situar a Teresita nunha destas *cofradías* grazas á reportaxe asinada por Juan José de Soiza Reilly na revista *Frey Mochó* e titulada «Buenos Aires tenebroso: ladrones vestidos de mujer». Nel describe unha *cofradía* específica chamada «las Evas hombrunas» cuxas integrantes estaban supostamente lideradas por Teresita, xa co alcume de «La Princesa de Borbón» e bautizada por Soiza como «el rey de los ladrones vestidos de mujer». Para Soiza na confraría «los adeptos se adivinan, se huelen, se buscan...», referíndose á existencia dunha irmandade entre as súas integrantes que valida o seu estilo de vida, dado que entre elas se «autosugestionan» e «recíprocamente, se dan nombres melodiosos y románticos».²² Ao igual que acontece cos artigos de De Veyga, na descrición que se fai das compoñentes da *cofradía* evidénciase unha alta presenza de emigrantes, como son la Gallega, la Madrileña, la Inglesa ou la Chilena. Para Soiza Reilly, de entre todas elas destacaba unha inmigrante española que utilizaba o sobrenome de La Bella Otero e que «se disputa el prestigio popular» con Teresita. Parece ser que La Bella Otero, quen adoptou o mesmo título que a famosa cupletista de Valga, e que xa aparecera tanto nun artigo nos *Archivos* de De Veyga como en *La Mala Vida en Buenos Aires*, foi durante un tempo compañeira de viaxes de Teresita. Polo menos así o amosa a seguinte fotografía (Fig. 1.) publicada por Gonzalo Allegue na obra *Galegos: as mans de América* (1992).

A fotografía de Allegue constata a relación entre estas dúas persoas que se atopaban non só na súa transgresión dos marcos normativos con respecto ao

²¹ Xerga que se estendeu entre boa parte do proletariado emigrante de Río de la Plata e Santa Fe durante o cambio de século.

²² Juan José Soiza Reilly, «Buenos Aires tenebroso: ladrones vestidos de mujer», *Frey Mochó*, no. 6 (7 June 1912), 70.



Figura 1. Teresita (esquerda) e La Bella Otero (dereita). Fonte: Gonzalo Allegue, *Galegos: as mans de América* (1992: 200).

xénero e a sexualidade, senón na súa orixe inmigrante. En conxunto, a revista *Archivos*, o libro *La Mala Vida...* e a reportaxe de Soiza relacionábanas cunha subcultura organizada para artellar espazos de liberdade e lazos de apoio cos que subsistir á exclusión. Observamos así como o sexilio dotou a Teresita de comunidade, mais unha comunidade efémera e inestable incapaz de resistir os embates da biopolítica hixienista, como veremos posteriormente.

RIDICULIZANDO OS MARCOS SEXUAIS NORMATIVOS A TRAVÉS DA ESCENA

O alcume de Teresita, la Princesa de Borbón, será representado pouco en 1914 na obra de teatro *Los Invertidos* de José González Castillo, unha función de inspiración realista que trataba de reflectir un drama burgués ambientado na disidencia sexual

bonaerense da época. Aínda que a obra foi prohibida poucas semanas despois da súa estrea por causas de moralidade, é considerada pioneira na literatura de lingua española por expoñer un universo da disidencia sexual nuns códigos ausentes até este momento (Peralta 2017: 151).

O personaxe de la Princesa de Borbón, inspirado en Teresita,²³ aparece no segundo acto imitando na vestimenta e nos movementos unha muller elegante, bailando tango e dicindo que lle gustaría nacer muller.²⁴ Para Rosana López Rodríguez a súa escena é festiva e exenta de dramatismo, «con la naturalidad propia de aquellos que han podido escapar a la ideología de la hetero-

²³ Alfonso Ure, director da segunda montaxe da obra en 1991, afirmaba que González Castillo se inspirou en persoas reais para as personaxes, especificando que La Princesa de Borbón era unha «conocida marica de idéntico nombre» (Citado por Peralta 2017: 132).

²⁴ Concretamente, «¡Ay! ¡Quién hubiera nacido mujer!» (González Castillo 1908: 38).



Figura 2. Teresita, la Princesa de Borbón (esquerda) e La Bella Otero (dereita). Fonte: Juan José Soiza Reilly (1912: 66–71) e Eusebio Gómez, (1908: 186).

sexualidad» (López 2011: 22). Nese senso, para De Whitte, o seu personaxe é unha burla cara ás tensións hixienistas da elite dirixente da cidade que atravesan a obra, ridiculizándoas dun xeito semellante a como despois se fará na cultura drag (De Whitte 2015: 80). O espazo que ocupa, coñecido como *La garçonniere*, é unha especie de club situado á marxe da moralidade, onde existía liberdade para actuar e *performar* alén dos límites que esta impuña. A obra, a fin de contas, acaba por representar expresións, lugares e subxectividade inspiradas no submundo «marica» do Bos Aires do 1900 (Peralta 2017: 147) no que se insería Teresita. Non se trata de asumir aquí unha translación realista de aspectos concretos da súa vida cara ao palco, senón de reflectir como se intentaba plasmar no personaxe un xeito concreto de resistir e enfrontar un sistema que condenaba a súa mesma existencia.

Esta irreverencia, burla e ridiculización dos marcos normativos de xénero obsérvase en primeira persoa no caso de La Bella Otero, compañeira de Teresita. Como se dixo anteriormente, La Bella Otero era a protagonista dun dos



Figura 3. Unha das fotografías entregadas por La Bella Otero a De Veyga. Fonte: «La Bella Otero: pederasta pasivo» (Gómez 1908: 183).

artigos de De Veyga publicados nos *Archivos*.²⁵ Con todo, e a diferenza do resto de «casos clínicos», este reproducía textos en primeira persoa que a propia Otero lle entregara ao hixienista. Para Bazán que este material rematase no principal órgano de expresión dos hixienistas non é un asunto menor, xa que con el La Bella Otero conseguiu incluír «un show en plena revista científica» (Bazán 2004: 142). E é que, a través dos seus textos e poemas Otero constrúe un relato no que se asume á marxe da norma sexual —«siempre me he creído mujer y por eso uso vestido de mujer» ou «Si con la boca yo te incomodo, y por atrás me quieres amar, no tengas miedo, chinito mío, que pronto mucho vas a gozar»—, mais no que resulta imposible distinguir a realidade e o reflexo da súa propia vida dunha actuación burlona e irónica. Nestes textos conságrase unha «imitación de estrelas» na que suplanta á diva de Valga que triunfaba en París —«he estado en París, donde bailé en los cafés concierto dándole mucha envidia a otra mujer que usa mi mismo

nombre para pasar por mí»—, atrevéndose tamén a ridiculizar a idea de muller burguesa²⁶ e, incluso, o propio concepto de muller vencellado coa maternidade: «No quiero tener más hijos, pues me han hecho sufrir mucho los dolores del parto, aunque me asistieron mis amigas 'Magda' y 'Lucia', que no entienden de parto, porque nunca han estado embarazadas, porque están enfermas de los ovarios». A súa lectura en conxunto evoca, como ben sinalou Bazán, un espectáculo de transformismo con referencias a «cafés concierto» e con fotografías de estudio.

²⁵ Concretamente, o caso de La Bella Otero foi reproducido poucos anos despois por Eusebio Gómez (Gómez 1908: 143).

²⁶ «Otras ocasiones me gustaría tomar el hábito de monja carmelita, porque soy devota de Santa Teresa de Jesús, lo mismo que las mujeres aristocráticas, pero como no soy capaz de renunciar a los placeres del mundo, me quedo en mi casa a trabajar haciendo costuras y bordados para los pobres» (Gómez 1908: 189).

O certo é que se volvemos situar o enfoque na vida de Teresita, encontramos múltiples referencias que vinculan o seu caso coa expansión artística do transformismo escénico que tivo lugar durante estas décadas tanto en América Latina como en Europa, dentro do xénero artístico do cuplé.²⁷ Tanto nas representacións que La Bella Otero lle entregaba a De Veyga como na imaxe que se constrúe de la Princesa de Borbón en *Los Invertidos*, observamos trazas propias da escena do cuplé e do fenómeno da *sicalipsis*, principalmente o uso de dobres sentidos e unha ironía conducida a través de xogos retóricos (Vellojín 2019: 214). Nese senso, a esfera artística do cuplé e do transformismo evidénciase durante o primeiro terzo do século como un espazo que atraía á disidencia sexual (Mira 2007: 155), e no que prácticas como o travestismo podían abrir a porta, incluso, á fama e ao diñeiro.²⁸

O fenómeno do transformismo constituíuse como un espazo no que disidentes sexuais como Teresita e La Bella Otero puideron expresarse e desenvolver prácticas perseguidas fóra dos teatros, das salas e dos cafés concerto. Durante a súa popularización a principios de século actuou como ponte transatlántica entre a Península Ibérica e América Latina, con nomes que acadaban fama internacional e que estendían as súas xiras a un e outro lado do océano. Este momento concreto puido servir de oportunidade para o retorno dalgunhas persoas, como é o caso do transformista monfortino Julio Rodríguez, Jules.²⁹

Malia o exposto, Teresita non formou parte dese pequeno grupo de transformistas que conseguiron fama, diñeiro e aclamación enchendo de público os teatros durante estas décadas. E é que as súas prácticas non conseguiron entrar nese atavío de respectabilidade que adquirían outros como Foliers ou De Bries, senón que ficaron no marco da aberración e a criminalidade. A pesar

²⁷ Gonzalo Allegue afirma que Teresita «cantou cuplés nos mellores cafés concerto de Buenos Aires, Montevideo, Río e Chile» (Allegue 1992: 200). Por outra banda, Schenetti e Galeano escriben que atopou un espazo de expresión no transformismo escénico e o cabaret na provincia de Rosario, posteriormente no Moulin Rouge de Río de Xaneiro (Schenetti e Galeano 2019: 93).

²⁸ Un exemplo sería a figura de Edmond de Bries, coñecido transformista e imitador de estrelas que saltou á fama a comezos do xx (a súa biografía en Usó 2019).

²⁹ Julio Rodríguez, «Jules», era un transformista que retornou en 1911 desde América onde gañara o sobrenome de «O segundo Fregoli». Os xornais contan que tralo seu retorno actuou en Monforte ante centos de veciñas. «Lugo», *Galicia: revista semanal ilustrada* 15/07/1911, p. 8.

disto, é interesante considerar este marco á hora de analizar os contextos que atravesaron o sexilio de principios do xx.

UNHA HISTORIA DE IDAS E VOLTAS

En 1911 moitos xornais de Galicia e Madrid facíanse eco da chegada de Teresita en barco á Coruña, expulsada de diferentes países de América Latina. Coincidían en que chegaba vestida de muller e que, debido ao escándalo que causou o seu desembarco en Galicia, tivo que partir para Madrid onde se acabou relacionando cos círculos de invertidos da cidade. Nas novas destes xornais repetíanse mitos sobre a súa historia que, como despois publicaría Soiza Reilly, tamén lla acompañaban en Arxentina.³⁰ Deste xeito, *El liberal* falaba da súa capacidade para seducir e enganar a homes ricos, políticos e banqueiros, grazas aos cales amasara unha gran fortuna.³¹ Pola súa banda, *El Fusil* replicaba a nova do ABC na que se contaba que Teresita fora expulsada de Chile por manter relacións sentimentais con dous ministros do Goberno.³² No fondo, todas estas historias só servían para revelar as tensións que xeraba un personaxe como Teresita na norma sexo-xenérica imperante:

Teresita, el rey de los mignones, el emperador de los ninfos, que ha pasado por La Coruña conmoviéndola como un terremoto, ¿ha llegado a Madrid?... Infórmese la Policía, vigile los hoteles, averigüe dónde se oculta, tímido y prudente, o donde se hospeda, temerario y desafiador, el cabecilla de los estetas, mezcolanza increíble de vigor y debilidad, de audacia y medrosía, y ponga a buen recaudo, por lo que pueda ocurrir, a ese émulo de Óscar Wilde y de José María el de Sierra Morena. («Teresita», *Heraldo de Madrid* 17/03/1911, p. 1).

Segundo o contido das historias que se contaban sobre ela, Teresita era capaz de facerse pasar por muller e transitar así entre os moldes sexuais normativos. Era posible, con iso, que enganase a homes «de ben» e desestabiliza-

³⁰ Soiza conta na súa reportaxe que en Santiago de Chile un mozo, crendo que Teresita era muller, suicidouse por ela. Do mesmo xeito, di que en Rivera (Uruguai) enganou ao comisario de policía que paseou da man con ela e a levou ao Club Social (Soiza, 1912: 70).

³¹ *El Liberal (Madrid)*, 17/03/1911, p. 1.

³² «Don Teresito», *El Fusil (Madrid)*, 18/03/1911, p. 2.



Figura 4. «Teresita en Madrid». Fonte: *Madrid Cómico*, 25/03/1911, p. 7.

se a orde social. Esta representación que se fai dela nunha publicación satírica de Madrid evidencia a anterior afirmación. Nótese como é debuxada sen caracteres que permitan identificar o seu sexo rexistral.

Nese senso, en *El Liberal* recóllense abertamente estas ansiedades ao expoñer os «peligros insospechados de la seducción», xa que desde esa altura sería preciso sospeitar de calquera pretendente por se fose un home travestido.³³ As cabeceiras de prensa histórica serán durante uns meses un goteo constante de novas sobre Teresita que seguen os seus pasos, alertan ás autoridades ou incitan a perseguila. Finalmente, parece ser que foi expulsada de volta para América Latina nun novo sexilio que, como veremos, non sería o último.

Neste punto, Schenetti e Galeano relatan no seu artigo parte das viaxes de la Princesa pola costa atlántica suramericana entre os anos 1912 e 1919. Estas

³³ *El Liberal* (Madrid), 18/03/1911, p. 1.



Figura 5. Teresita en Brasil. Fonte: *Correio da Manhã*, Río de Xaneiro, 24/12/1912, p. 5.

autoras sitúana nun tránsito incesante entre Arxentina, Chile e Brasil no que, a pesar de utilizar diferentes pseudónimos e estratexias, será constantemente perseguida polas autoridades locais e deportada de novo (Schenetti e Galeano 2019).

Sen dúbida, nesta altura para Teresita o sexilio non achegaba estabilidade nin comunidade, senón que só implicaba máis sexilio, polo que decidiu emprender o seu derradeiro retorno cara á península en 1920. Aínda que fontes bibliográficas como o ensaio de Gonzalo Allegue pechaban a súa historia deixándoa pobre, cana, soa e excluída en Arxentina, coñecer o seu nome de inscrición a través do cruzamento de hemerografía histórica non só nos permitiu saber que volveu, senón que posibilitou seguir o seu rastro durante vinte anos máis.

As fontes indican unha vida nas mares que se move entre A Coruña e Barcelona, posiblemente na procura da comunidade que auguraba aquela cidade en espazos como o Barrio Chinés ou en cabarés como *La Criolla*. Para a Teresita destes anos as detencións sucédense como un goteo no seu historial que posiblemente estea por tras de que lle fose aplicada en 1934, ao pouco de ser aprobada, a lei de Vagos e Maleantes en Madrid.³⁴ Estas detencións e procesos falan de continuas estadias nos calabozos, algunhas por escándalo ou posesión de cocaína, mais a maioría vencelladas con pequenos furtos. Roubaba carteiras, obxectos persoais e incluso comida, seguramente para subsistir. Como amosa a seguinte táboa, dúas destas detencións tiveron lugar nas inmediacións dos xardíns de Méndez Núñez na Coruña. O mesmo espazo do que tiña vistas panorámicas o Hotel Francia ao que se escapaba na súa adolescencia, e que seguiría sendo durante moitos anos un lugar de encontro para as disidentes sexuais da cidade.

³⁴ «Audiencia Provincial», *La Libertad*, 14/11/1934

Táboa 1. Detencións e procesos xudiciais de Teresita (1923-1939).

Fonte: Elaboración propia con fontes de prensa histórica.

Feito	Lugar e contexto	Fonte	Data
«Por promover un fuerte escándalo»	Xardíns de Méndez Núñez (A Coruña), espazo de encontro para disidentes sexuais da cidade.	<i>El Ideal Gallego, diario católico, regionalista e independiente</i>	24/08/1923
Posesión de cocaína	Barcelona. Encontrábase con outro home que a acusa de propoñerlle «actos inmorais». Encóntrasele cocaína, polo que é procesada.	<i>El Día Gráfico</i>	5/08/1927
Furto	Barcelona. Furta un obxecto dunha tenda valorado en 125 pts.	<i>El Día Gráfico</i>	14/03/1928
Tentativa de furto a un turista americano	A Coruña. A nova refírese a ela como «el Princessita de Borbón».	<i>La Provincia: diario de información y de intereses generales</i>	20/07/1928
Tentativa de furto	A Coruña. Descuberta no momento que lle roubaba a carteira a un emigrante.	<i>La Provincia: diario de información y de intereses generales</i>	17/10/1928
Delitos de furto	Barcelona. Proceso por dous delitos de furto. O fiscal pide catro meses de cadea por cada delito.	<i>El Día Gráfico</i>	17/09/1930
«Por escandaloso»	A Coruña. De novo, detida nas inmediacións dos xardíns de Méndez Núñez por promover un escándalo.	<i>El Ideal Gallego, diario católico, regionalista e independiente</i>	23/12/1930
Furto dunha lata de marmelo	A Coruña. Proceso na Audiencia Provincial por furto dunha lata de marmelo.	<i>Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña</i>	25/02/1932
«Por inmoral»	Confinada no Concello de Fene.	<i>El Eco de Santiago: diario independiente</i>	4/12/1937

O proceso que se lle abre na Audiencia Provincial polo furto dunha lata de marmelo en 1932 foi un dos datos chave para reconstruír a súa historia, xa que non só amosa o nome de inscrición, senón que fai referencia ao dos seus pais. Nos datos que presenta a sentenza, publicada no Boletín Oficial da Provincia, aparece que Ignacio Rojo Fernández, alias «El Princesita de Borbón», é de profesión escenógrafo. Semella que a estas alturas, se por acaso Teresita non seguía vencellada co mundo do teatro, polo menos conservaba restos desta evidencia no historial que dela posuía a Audiencia.

A derradeira detención que nos consta ten lugar en 1939 no Concello de Fene, posiblemente nalgunha viaxe a Ferrol onde residía a súa familia. Non é o último rastro que temos sobre ela, pois sabemos que ese mesmo ano lle solicitou licenza ao Concello da Coruña para a apertura dun establecemento de bebidas, un bodegón,³⁵ no barrio de Monte Alto.

CONCLUSIÓN

A través desta historia Arxentina fica incluída na memoria LGBTQ+ galega como un destino de sexilio coas súas propias características. Un destino que nace e permanece durante un contexto concreto no que a emigración galega se dirixe de xeito masivo cara a ese país. Como amosa o seu itinerario, Teresita seguiu estes fluxos para chegar a unha cidade cosmopolita na que subsistía unha comunidade agochada nas marxes do permitido, as *cofradías*. Nelas atopou outras inmigrantes, algunhas das cales galegas, e incluso compañeiras de viaxe como La Bella Otero. Nesa comunidade, polo tanto, algunhas disidentes sexuais galegas encontraron familia, solidariedade e apoio para subsistir.

Isto todo acontece durante os anos de auge do transformismo escénico dentro da esfera do cuplé, que non só axuda a xerar novos espazos de expresión senón que tamén lles abre a porta, canto menos a algunhas, a posibilidades de subsistencia. Posibilidades que se sumarían aos recursos habituais destes grupos de disidentes sexuais centrados na órbita de traballos feminizados como o de salóns de peiteado, serventas ou incluso a prostitución (Schenetti

³⁵ «Solicitud de licencia para a apertura dun bodegón na Rúa Hércules», Arquivo Municipal da Coruña, Licencias de apertura de establecementos, Caixa 8746-3.

e Galeano 2019). Posibilidades que, a fin de contas, non chegaban máis que para manter unha vida nas marxes marcada pola persecución das autoridades e a criminalización dos saberes expertos.

A historia de Teresita, atravesada polo furto, a cocaína e a inmoralidade, dá conta desta afirmación. No seu percorrido conflúen múltiples modelos de sexilio, desde a partida na procura dun espazo de maior liberdade até a expulsión directa por parte das autoridades. Un sexilio que ten diferentes planos, podendo ser transatlántico, entre países dentro do continente americano ou mesmo entre cidades do propio Estado español. Os camiños de ida e volta sucéndense no seu historial e sobrepóñense entre eles imposibilitando fixar un fogar. Para Teresita o sexilio non foi un destino senón unha viaxe dificultosa cara á tranquilidade que concede o anonimato, cara á liberdade de compartir con iguais. Ao final, resulta paradoxal que, segundo as fontes, parecera que logrou acadar ese anonimato abrindo un bar na Coruña en 1939 e esa liberdade rolando os xardíns de Méndez Núñez.

BIBLIOGRAFÍA

- ALLEGUE, Gonzalo (1992). *Galegos: as mans de América*. Vigo: Nigra, 1992.
- ARAGÓ, Bernat (2020). «De “marica de poble” a la gran ciutat: una aproximació al sexili». *Arxiu d'Etnografia de Catalunya*, 21, 11-36.
- BAZÁN, Osvaldo (2004). *Historia de la homosexualidad en Argentina: de la conquista de América al siglo XXI*. Bos Aires: Marea Editorial.
- CLEMINSON, Richard; FUENTES, Teresa (2009). «“La mala vida”: source and focus of degeneration, degeneracy and decline». *Journal of Spanish Cultural Studies*, 10 (4), 385-397.
- DE GABRIEL, Narciso (2008). *Elisa e Marcela, alén dos homes*. Vigo: Nigra.
- BEN DE WITTE (2015). «Historicizing the “Traveling” Queer Theatricalities of González Castillo’s *Los Invertidos*». *Theatre Research International*, 40, 79-82.
- DOVIO, Mariana Angela (2012). «La noción de la “mala vida” en la revista *Archivos de Psiquiatría, Criminología, Medicina Legal y Ciencias Afines*, Buenos Aires (1902-1913) en relación al higienismo argentino». *Nuevo Mundo Mundos Nuevos* [en liña]. Disponible: <<http://journals.openedition.org/nuevomundo/63961>>.
- FERRÁNDEZ, Daniela (2022). *A defunción dos sexos: disidentes sexuais na Galiza contemporánea*. Vigo: Xerais.
- GÓMEZ, Eusebio (1908). *La mala vida en Buenos Aires*. Bos Aires: Juan Roldán.

- GUZMÁN, Manuel (1997). «Pa' la escolita con mucho cuida'ó y por la orillita»: A Journey through the Contested Terrains of the Nation and Sexual Orientation». Frances Negrón; Ramón Grosfoguel (eds.). *Puerto Rican Jam: Rethinking Colonialism and Nationalism*. Minneapolis: University of Minnesota Press, 209–230.
- LA FONTAIN-STROKES, Laurence (2005). «Cultures of the Puerto Rican Queer Diaspora». Brad Epps, Keja Valens; Bill Johnson (eds.). *Passing lines: sexuality and immigration*. Cambridge: Harvard University, 275–309.
- LUCA DE TENA, Gustavo, (1993). *Noticias de América: O relato da grande emigración americana na prensa de Galicia e de Ultramar*. Vigo: Nigra.
- LÓPEZ, Rosana (2011). «El Criticón. José González Castillo, el teatro como arma», introducción a José González Castillo. *Los invertidos y otras obras*. Bos Aires: R&R.
- MAILHE, Alejandra (2016). *Archivos de Psiquiatría y Criminología (1902-1913)*. La Plata: Universidad Nacional de La Plata.
- MANION, Jen (2020). *Female Husbands: A Trans History*. Cambridge: Cambridge University Press.
- MIRA, Alberto (2007). *De Sodoma a Chueca: una historia cultural de la homosexualidad en España en el siglo xx*. Barcelona: Egales.
- OTERO, Hernán (2003). «Endogamia e integración de emigrantes na Arxentina moderna: Balances e perspectivas dende un enfoque rexional». *Estudios migratorios*, 15-16, 49-86.
- PERALTA, Jorge Luís (2017). «Espacio y homoerotismo en *Los Invertidos* (1914) de José González Castillo». Mercedes Ortega; Julio Penenrey (eds.). *Todos me miran. América Latina y el Caribe desde los estudios de género*. Barranquilla (Arxentina): Universidad del Atlántico, 123-150.
- PÉREZ PRADO, Antón (1973). *Los gallegos y Buenos Aires*. Bos Aires: Ediciones la Bastilla.
- RUBINO, Atilano (2019) «Hacia una (in)definición de la disidencia sexual: una propuesta de análisis en la cultura». *Luthor*, 39, 62–80.
- RODRÍGUEZ, Miguel (2017), «Buenos Aires y Ciudad de México, a principios del siglo xx: ¿Cosmópolis?», *L'Ordinaire des Amériques*, 223 [en liña] [13 abril 2023] <<https://journals.openedition.org/ordea/3634>>.
- SALESSI, Jorge (1995). *Médicos, maleantes y maricas: higiene, criminología y homosexualidad en la construcción de la nación Argentina*. Bos Aires: Beatríz Viterbo.
- SCHETTINI, Cristina; GALEANO, Diego (2019). «Una historia verosímil de la Princesa de Borbón: trabajo, género y sexualidad en América del Sur, 1905-1919». Rosana Baragán (coord). *Trabajos y trabajadores en América Latina (s. XVI-XXI)*. Bolivia: Centro de Investigaciones Sociales, 87-109.
- USÓ, Juan Carlos (2019). *Orgullo travestido, Egmont de Bries y la repercusión social del transformismo en la España del primer tercio del siglo xx*. Santander: El desvelo Ediciones.

- VÁZQUEZ, Francisco; CLEMINSON, Richard (2011). *Los invisibles: una historia de la homosexualidad masculina en España*. Granada: Comares Historia.
- VELLOJÍN, Guillermo (2019). «Farándula de plumas y postfín: cuplé y sensibilidad *camp* en la España del siglo XX». Enrique Encabo (ed). *Miradas sobre el cuplé en España: identidades, contextos, artistas y repertorios*. Madrid: Instituto Complutense de Ciencias Musicales.
- VILLARES, Ramón; FERNÁNDEZ, Marcelino (1996). *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.



Copyright © Daniela Ferrández Pérez, 2024. This document is under a Creative Commons Attribution-Non commercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.